




Gregorio SANZ
Avda. de Luarca s/n
27700 -RIBADEO (Lugo)
Teléfono/Fax: 982 128848
ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es

A NOSA BIODIVERSIDADE





NOME COMÚN OU VULGAR: Bidueiro

NOME CIENTÍFICO: Betula Alba

FAMILIA: betuláceas

ORIXE: Europa, Islandia, norte de Asia e de Groenlandia

HÁBITAT: zonas soleadas, solos ácidos, silíceos que posúan suficiente humidade. Se encuentran en bordes de ríos y regatos.

DESCRIPCIÓN: árbore caducifolia que acada os 10-30m. de altura.

● **FOLLA:** simple, romboidais, variando lixeiramente segundo a especie, cunha cor branca. Folla caduca.

● **FROITO:** son agregados péndulos, cilíndricos.

● **FLOR:** en forma de amentos.

UTILIDADES: Utilizan a súa madeira os zoqueiros e carpinteiros

REPRODUCCIÓN: Reprodúcese no verán.

NOME COMÚN OU VULGAR: Ciruelo roxo.

NOME CIENTÍFICO: Prunus cerasifera.

FAMILIA: Rosaceas.

ORIXE: Oeste de Asia (Caúcaso)

HÁBITAT: Frecuente en parques e xardíns.

DESCRIPCIÓN:

FOLLAS: alternas, elípticas de 4 a 8 cm., desdentadas, lisas e de cor púrpura.

● **FROITO:** Drupas de cor vermella escura, comestibles, e dá o froito no verán.

● **FLOR:** Blancas rosadas de 2 a 3 cm, florece ao final do inverno na primaveira.

REPRODUCCIÓN: por sementes e escallos.

UTILIDADES: Regularizar o intestino, mango de coitelos, navallas, armarios caros, etc.





As plantas do noso recinto

NOME COMÚN OU VULGAR: Sauce.

NOME CIENTÍFICO: Salix Babylonica.

FAMILIA: Salicaceae.

ORIXE: Asia (ao norte de China).

HÁBITAT: Adoitan plantarse preto de cursos de auga, ó lado de estanques.

DESCRICIÓN:

● **FOLLA:** Follas caducas, lineares en forma de lanza, con bordo finamente dentado, sen pelo e verdes claras no envés cando son adultas. Pecíolo curto e con pelos.

● **FROITO:** Carece del.

● **FLOR:** As flores aparecen canda as follas, son amentos (espigas articuladas pola súa base e compostas de flores dun mesmo sexo) cilíndricos, con flores de cor amarelo pálido . Recibe o nome popular de gatiños. En cultivo só se coñecen pés femininos. Florece de abril a maio.

DESCRICIÓN: Reprodúcese por escallos, con gran facilidade.

UTILIDADES: Árbore empregada normalmente de maneira illada , para resaltar todo o seu belo porte.

NOME COMÚN: Palmeira.

NOME CIENTÍFICO: *Phoenix canariensis*.

FAMILIA: Arecaceae.

ORIXE: Illas canarias.

HÁBITAT: Criase en todos os tipos de chan sempre e cando teñan auga subterránea.

DESCRICIÓN:

- **FOLLAS:** Pinada, peciolo longo e alargado.
- **FROITO:** Dátil-moi doce .Usase para curar enfermidades.
- **FLOR:** Son pequenas, pouco chamativas de cor amarelo, lila ou laranxa.

REPRODUCCIÓN: Por sementes. É unha especie dioica.

UTILIDADES: Decoración de xardíns. Pódense facer cestas coas súas follas.





NOME COMÚN: Castiñeiro.

NOME CIENTÍFICO: Castanea sativa.

FAMILIA: Fagaceae

ORIXE: Existiu antigamente en rexións de América setentrional, de onde desapareceu. Tamén nas rexións árticas de Europa e Asia.

HÁBITAT: Atópase en solos pouco profundos, frescos e húmidos. Non soporta as xeadas tardías nin as temperaturas extremas.

DESCRIPCIÓN: Árbore caducifolia de ata 30-35 cm. de altura, de tronco goso, porte erecto ou semierecto con rápida formación de duramen. A súa copa é frondosa e a cortiza lisa cando son exemplares novos, volvéndose gosa e surcada nos máis vellos.

•**FOLLAS:** Alternas, caducas, lanceoladas, bordes aserrados, simples, con tamaño de 10 a 25 cm. e presentan 20 pares de nervios.

•**FROITO:** Os froitos (as castañas) están recubertos por unha casca verde con espiñas (o ourizo) de até 4 cm de diámetro e preséntanse en grupos de dous ou tres. A época da recollida das castañas é novembro.

•**FLOR:** Son espigas estreitas, erguidas e amareladas. Case toda a espiga está composta de flores masculinas, situándose na base as femininas. Florece de maio a xuño.

REPRODUCCIÓN: Pode reproducirse mediante a semente cando se destina á madeira e por plantas novas que despois serán inxertadas, cando se cultiva para a obtención de froitos.

UTILIDADES: Podemos destacar o seu uso en alimentación, xa que a castaña forma parte de moitas receitas de cociña. E tamén é moi utilizada a madeira en ebanistería, cestería e construción.

NOME COMÚN: Tuia xigante, árbore da vida ou cedro xigante.

NOME CIENTÍFICO: Thuja plicata.

FAMILIA: Cupressaceae

ORIXE: Costa oeste de Estados Unidos.

HÁBITAT: Adoita vivir en solos de arxila compactos e non soporta exposicións ventosas.

DESCRIPCIÓN: Árbore de gran porte que pode chegar a alcanzar os 40 m. de altura. Ten copa piramidal estreita e a súa cortiza delgada con fendas lonxitudinais que se desprende en longas tiras.

- **FOLLAS:** Son escamiformes en 4 filas, de cor verde escura. Ao frotalas desprenden olor a resina que recorda un pouco o olor da mazá.
- **FROITO:** Son conos oval oblongos de 13 a 18 mm. de cor verde que coa madurez cambian a marróns.
- **FLOR:** As flores masculinas son pequenas e pódense presentar en grupos ovalados. As femininas son conos elipsoide que surxen nas pólas extremas.

REPRODUCCIÓN: Por sementes que convén estratificar(humedecer con auga e colocar en zona templada ou fría) un mes antes como mínimo.

UTILIDADES: A súa madeira úsase en ebanistería, carpintería e revestimentos. O seu aceite utilízase de forma tópica para axudar ó tratamento do papiloma humano e verrugas. É popular en tratamentos homeopáticos para infeccións das vías respiratorias.



NOME COMÚN: Magnolio, magnolia.

NOME CIENTÍFICO: Magnolia grandiflora.

FAMILIA: Magnoliaceae.

ORIXE: Estados Unidos.

HÁBITAT: Parte alta de bosques húmidos. Non soporta as xeadas fortes.

DESCRIPCIÓN: O seu nome alude ó seu descubridor Pierre Magnol. É unha árbore de enorme beleza ornamental. Pode chegar a medir ata 30 m. de altura e ten un crecemento lento. O seu porte é de forma piramidal, ramificado dende a base, aberto e pouco denso.

- **FOLLAS:** Perennes, alternas, amplamente ovaladas, con marxes dentados, de cor verde brillante pola face e cor amarronado polo envés.
- **FROITO:** Cónico, con forma de pifia e as sementes de cor vermello intenso.
- **FLOR:** Flores grandes de cor branco, moi vistosas e con intenso aroma.

REPRODUCCIÓN: Pode multiplicarse por todos os métodos: sementes, acodos, estacas e inxertos.

UTILIDADES: O seu uso máis común é como árbore ornamental, aínda que tamén se utiliza a súa madeira en ebanistería.





NOME COMÚN: Cedro do Atlas, Cedro prateado.

NOME CIENTÍFICO: *Cedrus atlantica*.

FAMILIA: Pinaceae.

ORIXE: Africa do Norte (Alxeria, Marrocos).

HÁBITAT: Adáptase ben a fortes secas estivais e pode aguantar temperaturas da orde de -25°C en atmosfera seca. Críase sobre todo tipo de chans, preferindo os permeables (non moi húmidos) e profundos. Crecen case en calquera tipo de chan, mesmo un pouco seco ou ben calcáreo. Os seus bosques naturais sitúanse entre os 1.000 e 2.800 m.

DESCRICIÓN: É unha das coníferas máis decorativas. Árbore de 20-40 m, de crecemento lento, porte cónico ou piramidal, algo curvado no ápice. Codia cinsenta que coa idade se vai tornando moura. Lonxevidade: 200-400 anos e 700 e mesmo 1.000 anos no seu hábitat.

- **FOLLAS:** Aciculares de 0,8 a 3 cm de lonxitude, agrupadas na súa maioría sobre curtas podallas laterais, formando rosetas estreladas, de cor verde ou azulada.
- **FROITO:** Piñas ergueitas, de 5 a 10 cm de lonxitude, en forma de tonel. As escamas tectrices non sobresaen.
- **FLOR:**

REPRODUCCIÓN: Sementes, estacas e inxertos.

UTILIDADES: Moi utilizado con fins ornamentais, en especial o seu cultivar de acículas azuis 'Glauca'. A madeira é de boa calidade, sobre todo a procedente de terreos secos. Ten un forte cor aromática, gran fino, é branda e doada de traballar. Moi resistente á putrefacción podendo aguantar inalterada centos de anos.

NOME COMÚN: Camelia común.

NOME CIENTÍFICO: *Camellia japonica*

FAMILIA: Teaceae.

ORIXE: Asia oriental China, Xapón, Indochina e varias illas desa zona. Esta planta chegou a Europa dende Oriente (Xapón e Corea fundamentalmente) da man dos xesuítas. De feito o seu nome provén dun pai jesuíta, que viviu no século XVII, Camellus.

HÁBITAT: Gusta dun ambiente húmido. Chan ácido, poroso e con grande cantidade de materia orgánica como pode se-lo humus de castiñeiro, a turba ou o compost de breixo. Non se adapta a chans calcáreos. Recoméndase unha boa drenaxe. Non tolera os sales.

Luz: comunmente a semisombra, pero ás veces poden expoñerse a pleno sol a condición de que non falte a humidade atmosférica.

DESCRICIÓN: Arbusto ou árbore perennifolio. Crecemento lento. Arbusto excepcional pola súa floración outonal, invernal ou primaveral. A cor das súas flores vai do branco ó vermello, simple, dobres ou bicolores. As camelias carecen de fragancia.

- **FOLLAS:** Persistentes, coriáceas, brevemente pecioladas, con bordos dentados, rematando en punta, alternas e de cor verde escuro reluciente e viva co envés máis pálido.
- **FROITO:** Non ten.
- **FLOR:** Son solitarias, aparecen en el ápice de cada rama, cunha corola simple o dobre, e comprendendo varias cores. Adoitan medir uns 7-12 cm de diámetro e teñen 5 sépalos e 5 pétalos. Estames numerosos unidos na metade ou nos 2/3 da súa lonxitude.

REPRODUCCIÓN: As camelias propáganse por semente, estacas e enxertos.

UTILIDADES: Utilízanse en xardíns como decorativas. O aceite proveniente das súas sementes deshidrátase moi pouco e retén a humidade; por esta razón, utilizouse como acondicionador do cabelo e nos tratamentos da pel, para previ-las asperezas.





NOME COMÚN: Amora, Moreira, Moral.

NOME CIENTÍFICO: *Morus nigra*

FAMILIA: Moraceae.

ORIXE: Asia (Persia).

HÁBITAT: Críase en chans frescos e lixeiros, non vivindo ben en zonas moi secas e calorosas. En climas excesivamente fríos detén o seu crecemento aínda que pode soportar xeadas de -18°C.

DESCRICIÓN: Árbore robusta de madeiro curto, con 10 a 15 m de altura. Posúe unha ramificación densa, con ramas longas, diverxentes e estendidas e ramiñas lisas de coloración pardocastaña. Crecemento rápido.

- **FOLLAS:** As follas dispóñense alterna, sobre dúas filas ó longo do ramillo: son caedizas, grandes, de 6 a 12 e ata 20 cm, rugosas por ámbalas dúas cara asimétricas, algo acorazonadas, teñen un curto rabiño de 1,5 a 2,5mm de lonxitude e presentan dous grosos nervios secundarios moi marcados.
- **FROITO:** É refrescante e pode consumirse directamente ou elaborarse con el confeitura, xaropes ou bebidas. As amoras son ricas en vitamina C. O xarope de amoras negras empregouse en forma de gargarismos contra inflamacións de boca e garganta.
- **FLOR:** Flores masculinas en amentos pedunculados, as femininas en amentos subsentados.

REPRODUCCIÓN: A súa reprodución faise por sementes sementadas en primavera ou por gallo leñosos.

UTILIDADES: A codia de raíz emprégase como laxante e para combate-los vermes intestinais. As súas follas utilízanse como alimento dos vermes de seda.

A madeira é moi parecida á da moreira, branco-amarelenta, resistente ós cambios de humidade. Utilízase en carretería, tonelería, ebanistería e mangos de ferramentas.

NOME COMÚN: Plátano de sombra, Plátano de paseo.

NOME CIENTÍFICO: *Platanus hispanica*.

FAMILIA: Platanaceae.

ORIXE: Posible cruce entre *Platanus orientalis* L., nativo do suroeste de Asia, e *Platanus occidentalis* L., nativo da zona atlántica de Estados Unidos.

HÁBITAT: Vive por toda a península. Busca cháns profundos e húmidos.

DESCRIPCIÓN: Arbore caducifolia de rápido desenvolvemento, poden supera-los 40 m de altura, con madeiro erecto e codia que se desprende en placas cremoso-verdosas ou amarelas. Poden vivir ata 300 anos. Copa redondeada e pólas retorcidas, en ocasións coas ramiñas terminais moi colgantes.

- **FOLLAS:** Alternas, estipuladas, pubescentes cando novas e glabras cando adultas palmatífidias en 3-6 lóbulos agudos. Alternas palmeadas e caedizas.
- **FROITO:** Aquenio, rodeado por un penacho de pelos na súa base, reunidos en infrutescencias globosas.
- **FLOR:** Inflorescencias femininas globosas, capituliformes, longa pedunculadas e en grupos de 2. Flores femininas con perianto dobre, sepaloideo, con 3-9 carpelos libres. Inflorescencias masculinas globosas, capituliformes, longa pedunculadas e en grupos de 2. Flores masculinas con perianto dobre, sepaloideo, con 4-8 estames.

REPRODUCCIÓN: Por sementes ou estaquiñas.

UTILIDADES: A súa madeira úsase para fabricar utensilios de carpintería. É un bo combustible. É unha das árbores máis empregadas nas cidades para ornamentar bulevares e paseos e xardíns. A codia e as follas teñen propiedades astrinxentes.





NOME COMÚN: Chopo branco, Chopo prateado, Chopo Afgán.

NOME CIENTÍFICO: Populus alba. O remato "alba", refírese á cor branca da cara inferior das follas

FAMILIA: Salicaceae.

ORIXE: Europa Asia, norte de África.

HÁBITAT: No centro e sur de Europa, Asia central e norte de África, e en toda a Península Ibérica. Crece en chans frescos e húmidos nas proximidades dos ríos. Soporta ben o frío. Non ten grandes requirimentos en canto ó tipo de chan, podendo vivir en chans pobres calcáreos. Son capaces de crecer nun chan areento costeiro soportando eventuais encharcamientos por auga de mar no seu sistema radicular.

DESCRIPCIÓN: Árbore caducifolio. Altura: 20-30 m. Diámetro: 10 m. Forma redondeada. De rápido crecemento. Coa súa codia e ramas brancas ten unha beleza única no xardín. Moi resistente.

- **FOLLAS:** Follas alternas, simple, pecioladas, as adultas con feixe glabro e envés densamente branco-tomentoso limbo moi polimorfo. caducas, simples, alternas, ovais ou palmeadas de bordo dentado; cubertas no envés dunha capa densa de pelos afieltrados de cor esbrancuxada. En outono a coloración é marrón ou amarelenta.
- **FROITO:** Froito en cápsula ovoidea e pelada.
- **FLOR:** A floración prodúcese antes de que xermolen as follas. As flores masculinas son grandes e avermelladas e as femininas son amarelo verdoso.

REPRODUCCIÓN: Sementes cun penacho de pelos. Multiplícase por gallos que xermolan abundantemente ó redor dun pé adulto.

UTILIDADES: A madeira úsase en imaxinería. A madeira homoxénea de densidade lixeira, porosa e de secado fácil e rápido; é resistente á abrasión e é elástica. Tamén se usou a codia para curtir e tinguir. Utilízase para pasta de papel, paneis, embalaxes, contrachapado, mistos pola súa lenta combustión, carpintería, pavimentos, etc. Cultívase como árbol ornamental, pero necesitan jardines grandes. E tamén é moi utilizado como cortaventos e en camiños preto do mar.

NOME COMÚN: Chopo negro.

NOME CIENTÍFICO: Populus nigra.

FAMILIA: Salicaceae.

ORIXE: Norte de África, Europa, centro e este de Asia.

HÁBITAT: Difundiuse en Europa a mediados do século XVIII, sendo un dos máis coñecidos no mundo en camiños, estradas e paseos, xunto co olmo. En España estendeuse moito. É unha árbore típica e característica na paisaxe de Castela. Árbore que vive en zonas de ribeira con chans fértiles e alto grao de humidade. Vive entre o nivel do mar e os 1.800 metros de altitude. Indiferente ó tipo de chan.

DESCRICIÓN: Árbore caducifolia e dioico de ata 35 m de altura, con codia gris esbrancuxada, moi agretada. Crece rapidamente. Ten un sistema radical potente. Son moito máis abundantes os exemplares masculinos. Raíces agresivas polo que non se debe plantar a menos de 15 metros de construcións.

- **FOLLAS:** Caducas, simples, pequenas, romboidais ou suborbiculares acuminadas bordos regularmente dentados, de cor verde por ámbalas dúas caras aínda que de mozos o envés é lixeiramente peludo pecíolo delgado e avermellado.
- **FROITO:** Son unhas cápsulas pequenas que encerran unhas sementes algodooso; como practicamente non se atopan exemplares femininos, é rarísimo apreciar froitos.
- **FLOR:** Son unisexuais, sobre árbores distintas agrúpanse en acios colgantes sen interese. Hai flores masculinas e flores femininas. Os amentos masculinos son péndulos, cilíndricos e grosos, de ata 10 cm, de longo.

REPRODUCCIÓN: Por sementes en primavera, gallos feitos a finais de inverno, os cales enraízan con moita facilidade.

UTILIDADES: É unha árbore ornamental en parques e xardíns, estradas, paseos e avenidas, moi representativa da paisaxe natural. Emprégase como árbore de sombra e en carpintería. Tamén ten usos na menciña. A súa madeira é moi utilizada para embalaxes, carpintería barata e obtención de pasta de papel. Como leña, debe secarse ben pero grazas á súa abundancia é amplamente utilizada en segundo que zonas.





As plantas do noso recinto

NOME COMÚN: Teixo.

NOME CIENTÍFICO: Taxus baccata.

FAMILIA: Taxaceae.

ORIXE: Europa, oeste de Asia e norte de África e nalgunhas serras de Portugal.

HÁBITAT: En España pódese ver practicamente en tódalas cordilleiras e en Baleares aínda que as súas poboacións sufriron un gran retroceso.

DESCRICIÓN: Arbusto con copa piramidal ampla e ramas horizontais algo cortantes. Altura: 4-20 m. Unha das súas características é o seu lento crecemento. Especie moi lonxeva hai pés en Francia de 1.500 anos. A súa copa es cónica cuando ten un so tronco, ou exténdese irregularmente cando ten varios troncos.

- **FOLLAS:** As follas son aciculares, de 1-3 cm de longo, e 2-3 mm de ancho, planas, brandas e de cor verde escuro, dispostas de dous en dous. Hai teixos macho e femia.
- **FROITO:** Os froitos maduran en outono, cun tamaño de 8-10 mm.
- **FLOR:** As flores danse nas axilas das follas. As masculinas son globulares, con numerosos estames. As femininas son aovadas, con forma de copa, verdes ó principio, de cor vermella luminosa ó madurar.

REPRODUCCIÓN: A maioría de variedades de Taxus propáganse por estacas, que enraízan sin dificultade, e por enxertos. As estacas de teixo fanse cedo no outono; estacas máis ben longas de 20 a 25 cm, tomadas de crecemento novo cunha sección de madeira vella na base. A propagación por semente é complicada e lenta.

UTILIDADES: Árbore moi apreciada pola súa madeira para ebanistería e carpintería coidada, utilízase para fabricar arcos, zocos e de chaves de barrís. Como a súa madeira é moi resistente á intemperie, utilízase na construción de cercas. Tamén é moi usado en ornamentación porque admite moi ben o recorte, ideal para formar sebes, borduras e formas xeométricas.